XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 3 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral de VOX contra o Presidente da Xunta de Galicia por falta de neutralidade institucional e infracción do artigo 50 LOREX polo anuncio e promesa de facer gratuíta a matrícula en todas as universidades galegas, solicitando a declaración da súa incompatibilidade cos principios de neutralidade institucional, liberdade e igualdade electoral e a o inicio de expediente sancionador (doc. RE 374/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 31 de xaneiro de 2024, o representante xeral de VOX formaliza unha denuncia (doc. RE 374/2024) na que sinala que "*desde el 16 de enero de 2024, el Presidente de la Xunta de Galicia en funciones, don Alfonso Rueda Valenzuela, ha desarrollado actos y acciones electoralistas contrarias a la normativa electoral*" citando diversas novas relativas ao anuncio efectuado durante un acto celebrado na sede de Afundación en Vigo, da "*gratuidad de las matrículas universitarias si logra ser reelegido presidente*".

   Denuncia por tanto unha infracción do artigo 50.2 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX) como da Instrucción da Junta Electoral Central 2/2011, de 24 de marzo de la Junta Electoral Central.

2. O 1 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias copia da denuncia (RS 890/2024), aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento ao representante xeral de VOX (RS 891/2024).

3. O 2 de febreiro de 2024, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias formulou escrito de alegacións (doc. RE 397/2024), no que efectúa diversas consideracións acerca da imputabilidade das declaracións, se deben ser tidas en conta como realizadas polo presidente da Xunta de Galicia ou como o candidato nas eleccións convocadas para o día 18 de febreiro de 2024. Así, sinala que "*Pois ben, se se observa o texto das publicacións que a denuncia aporta, conclúese*

claramente que as declaracións que se denuncian non foron realizadas por don Alfonso Rueda Valenzuela nas súas funcións institucionais ou representativas como presidente da Xunta de Galicia, se non como candidato do Partido Popular de Galicia, e non foron realizadas con ocasión de actos organizados directa ou indirectamente polos poderes públicos, se non en actos doutra natureza."

A maior abundamento, indica que "*Na terceira noticia que se cita, "Rueda cifra en 3.000 euros por hijo el ahorro de las familias con la gratuidad de las primeras matrículas universitarias", fai referencia a unhas declaración no contexto dun acto "convocado por Rueda en calidad de candidato", con os reitores das tres universidades galegas*".

Finalmente solicita o arquivo da denuncia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Do exame da denuncia e das alegacións presentadas, esta Xunta electoral entende que os feitos denunciados non son realizados polo presidente da Xunta de Galicia, sen non polo candidato do Partido Popular que concorre as eleccións do vindeiro 18 de febreiro, tal e como se recolle no escrito de alegacións.

Tanto da información escrita como da gráfica extráese a proba de que os feitos denunciados non son imputables á Presidencia da Xunta de Galicia ou á administración autonómica, por tratarse de actos e declaracións efectuadas polo candidato na súa condición de tal e con ocasión de actos privados ou de partido.

Polo que a pretensión do denunciante non pode ser acollida, posto que as declaración denunciadas non foron realizadas por don Alfonso Rueda Valenzuela nas súas funcións institucionais como presidente da Xunta, nin o acto foi organizado pola Xunta de Galicia e por último, a terceira das noticias denunciadas debe enmarcarse dentro do acto realizado polo candidato do partido popular cos reitores das tres universidades galegas.

Así pois, os feitos descritos non constitúen ningunha das infraccións tipificadas no artigo 50 da LOREX.

Á vista do que antecede adoptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:00 horas do próximo día 6 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal